



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Caparrini Marín, Natalia
Cuiñas Gómez, Íñigo
García Señorán, María del Mar
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

PDI-A:

García Fontán Soledad
Meana Martínez Juan Carlos
Pino García, Antonio
Pou Saracho Juan Maria
Rivo López Elcna
Vallejo Pousada Rafael

PDI-B:

González Jorge, Higinio

ESTUDANTES:

Díaz Casaleiro, Tomás
Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela
López Puga, Beatriz Blanca
López Rodríguez, Andrea
Rivera González, Paula
Rodríguez Varela, Diego
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

PAS:

Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alvarez Villamarin, Xosé Carlos
Barbosa Losada, Víctor
Castro Cerceda, M^a Luisa
Costas González, Xosé Henrique
Fernández Prieto, Marta
Gómez Fraiz, Santiago
Llamas Nistal, Martín
Pérez Cota, Manuel
Pillado González, Esther
Seoane Posse, Elena Celsa
Vaquero Diaz, Beatriz

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 15 de xuño de 2016, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **15 de xuño de 2016** ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de abril de 2016.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2015.
4. Aprobación, se procede, de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2015.
5. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da Área de Apoio á Docencia e Calidade a Área de Calidade.
6. Aprobación, se procede, de prórroga de comisión de servizos.
7. Aprobación, se procede, de solicitudes de nomeamento de profesorado emérito.
8. Aprobación, se procede, da normativa de Traballos de Fin de Máster.
9. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas.
10. Aprobación, se procede, da Normativa para a contratación de persoal con cargo a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i).
11. Aprobación, se procede, da adhesión da Universidade de Vigo á Asociación de Universidades do Estado Español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación.
12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Acordo para a cooperación internacional entre a Universidade de Vigo e a *Università degli Studi di Brescia* (Italia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Mendoza* (Argentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Mendoza* para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de los Andes* (Chile) para o intercambio de estudantes—

– Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, para a implantación do título de Mestrado Universitario en Investigación Química e Química Industrial polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Técnica Federico Santa María* (Chile) para o intercambio de estudantes.

13. Elección de representantes no Consello Social: 1 Estudante.

14. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 Estudante.

15. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PDI; 2 Estudantes.

16. Elección de representantes na Comisión de Investigacións: 2 Estudantes.

17. Elección de representantes na Comisión de Organización Académica e Profesorado: 2 Estudantes.

18. Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 2 Estudantes.

19. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de abril de 2016.

Indica o reitor que non se presentaron alegacións á acta.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

O reitor agradece os servizos prestados por Dña. Eva Lantarón Caeiro, que cesou como decana en funcións na Facultade de Fisioterapia, substituída polo tamén decano en funcións, Gustavo Rodríguez. Explica que, sendo membro electo do Consello de Goberno, polo sector de decanos e directores, quedará unha vacante nese sector que, xunto coa correspondente ao profesor Adolfo Pérez Abellás, que cesou como director do Departamento de Didáctica, serán cubertas no vindeiro Claustro. Agradece tamén a dona Ana Garriga polo traballo realizado á fronte da Escola Superior de Enxeñaría Informática; felicitando a D. Francisco Javier Rodríguez pola súa elección como novo director no mes de maio, e felicita tamén ao profesor Jesús Míguez, que renovou o seu cargo como decano da Facultade de Bioloxía.

Felicita a continuación ao profesor D. José Juan Pazos Arias, que entrará nuns días a formar parte da Real Academia Galega das Ciencias; uníndose aos profesores Merino Gómez e Pérez González, anteriores académicos da Uvigo e ao profesor Humberto Michinel, por pasar a formar parte da xunta directiva da European Optical Society.

A continuación manifesta a súa alegría pola consecución da exposición do Pergamiño Vindel para Vigo, xa que será exposto por primeira vez fóra do Morgan Library Museum despois de 40 anos. Recoñece que se trata dun éxito tras un longo ano de negociacións entre a Universidade e o Museo.

A continuación procede a dar conta dos seguintes temas:

- I. Informa das dúas asembleas xerais da CRUE que tiveron lugar dende o último Consello de Goberno. En relación á que tivo lugar o 17 de maio, previa ao Consello de Universidades, destaca que foron tratados dous temas importantes: a reválida de bacharelato e probas de acceso á Universidade, e o Decreto de Bolsas.
 - En canto á proba de bacharelato, lembra o reitor que no mes de marzo a CRUE solicitara ao Ministerio unha moratoria de un curso nas probas de acceso á universidade, dada a indefinición da proba de avaliación final de bacharelato recollida na LOMCE. Diante do rexeitamento da proposta por parte do ministerio, a CRUE instou a que se levara a cabo unha proba de acceso e admisión á universidade cunha estrutura e organización similares á actual PAU, coas adaptacións necesarias con respecto ás materias troncais xerais e de opción, garantindo a seguridade xurídica e

igualdade de oportunidades en todo o territorio. Comenta o reitor que o ministro explicou que a denegación da prórroga foi debida a o consello dos avogados do estado, que non permitiron que un goberno en funcións modifique a aplicación da lei, como pedían as universidades. Finalmente, acordouse que o ministerio determinará o marco común das probas de bacharelato, que serán parecidas as PAU actuais. Resume as características finais: serán as comisións organizadoras nas CCAA as encargadas da elaboración de probas, fixación de tribunais, datas e lugares das probas, reclamacións, etc. Os alumnos se examinarán de materias troncais, dúas materiais opcionais e unha das específicas, a elección. As probas contarán con profesores do sistema público (tanto universitarios como de educación secundaria), como ata o de agora. E a nota final será o 60% da media das materias cursadas do bacharelato e o 40% a proba externa, é dicir, similar ao actual.

Polo tanto, neste sentido, recolléronse todas as peticións das universidades a nivel de acceso e, en base a iso, a CRUE e o Consello de Universidades deron o visto bo ao borrador do decreto presentado polo Ministerio. Resume o reitor que, en canto a reválida de Bacharelato, no próximo ano non vai ser obrigatoria para obter o título de bacharelato e que cara ó acceso a universidade, quedará como unha proba similar ás PAU adaptadas á LOMCE.

O reitor sinala a súa preocupación en relación co cumprimento que as comunidades autónomas poidan ter do decreto e destaca a necesidade de dar seguridade a os estudantes de bacharelato. Por elo, no Consello Galego de Universidades pediuse ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se cinguira ao acordo marco, proponendo que sexa a CIUG a que se encargue da organización das probas de acceso. Do mesmo xeito, solicitouse que se publicara o acordo que xa se está establecido entre as tres universidades do SUG, a través das vicerreitorías de estudantes, para a ponderación das materias específicas, sen agardar á aprobación do decreto, dada a importancia que reviste para os estudantes que van comezar segundo de bacharelato. Indica o reitor que confía en que antes de finais de mes xa estea publicado esta información, para que antes do inicio do curso os profesores de ensino secundario saiban como desenvolver o currículo dese curso para preparar o acceso da universidade.

- En canto ao decreto de bolsas, explica o reitor que a CRUE mantén o seu rexeitamento á política de bolsas do ministerio, ata que non se modifique a esixencia da cualificación mínima de 5 e medio imposta por Wert, volvendo ao 5 anterior. Explica que as bolsas constitúen unha axuda social, polo que só debe esixirse o cumprimento das tarefas académicas, para que as persoas necesitadas poidan acceder a unha axuda pública. Prosegue o reitor expoñendo que o ministro manifestouse disposto a estudar a viabilidade desa modificación en función da dispoñibilidade de recursos, para darlle cobertura. Lembra que en Galicia xa existen unha convocatoria complementaria á do Ministerio, seguindo a suxestión dos reitores, que permite a obtención de bolsas a aqueles solicitantes con cualificacións entre 5 e 5,30. O reitor puxo de manifesto esta situación na xuntanza co ministro en Madrid, na confianza de que proximamente se poida estender esta medida a todo o Estado. Mentres tanto, manterase o informe negativo por parte da CRUE ao decreto. Pero agradeceuse a modificación de dous puntos do decreto anterior: o primeiro, son aqueles aspectos que instaurados como control da picaresca, supuxeron a penalización de alumnos que cambiaron de estudos e, pese a ter excelentes cualificacións, perderon as bolsas. Explica que dende a Vicerreitoría de Estudantes xa se informara en distintas ocasións, en anos anteriores, ao Ministerio desta situación, pero que non se deu resposta ata que xurdiu o caso dun alumno na nosa Universidade que se se fixo notorio na prensa, e se fixo viral. A raíz deste caso, recolléronse as suxestións e introducírase un cambio no decreto. O outro punto que será modificado, á iniciativa da Consellería, ten que ver coa valoración que reciben, polos cambios na lexislación, as propiedades do patrimonio no rural, xa que prexudica a familias que non dispoñen de recursos, e que afecta de xeito especial á Galicia. Finaliza valorando positivamente estes cambios e manifestando a súa esperanza en que as bolsas volvan a ser o que deberían ser para, nun segundo paso, lograr que os futuros gobernos eleven o orzamento para as mesmas, xa que estamos moi afastados da media europea.

En relación coa segunda Asemblea Xeral Extraordinaria da CRUE, dá conta da aprobación do nomeamento do reitor da Universidade de Murcia como presidente da comisión sectorial de Asuntos

Estudiantis, e do seu como presidente da comisión sectorial de Secretarías Xerais. Expón que aceptou dito nomeamento para levar a cabo unha proposta concreta: lograr conectar os servizos de Asesorías Xurídicas das universidades, creando unha rede que dea apoio xurídico ás iniciativas que para desenvolver os acordos que se acaden nas distintas conferencias sectoriais e poder trasladalos como propostas normativas ao goberno de xeito que se, por exemplo, quere derrogar o decreto 3+2, se poida achegar unha proposta coa garantía de que supere todos os controis legais. Por último, destaca que se volveu ratificar no tema da acollida dos refuxiados.

2. Informa de que tivo lugar o VI plenario da CRUSOE, que é a conferencia de reitores das universidades do suroeste de Europa, constituída polas rexións do norte e centro de Portugal, Galicia, Asturias e Castela-León. Nesa xuntanza aprobouse a incorporación de Cantabria á rede, de xeito que pasa a estar formada por 24 universidades. Lembra para os novo membros do Consello de Goberno que os principais traballos son de cooperación interrexional, para fortalecer a posición da eurorexión. Ademais, aprobouse a posta en marcha dun programa de mobilidade macrorrexional, estendendo o que existe para investigadores novos e PAS, denominado Iacobus, contando xa cun preacordo dos gobernos das 5 comunidades autónomas e rexionais implicadas para o financiamento deste programa cara a 2017. Proximamente terá lugar unha xuntanza dos presidentes da RESOE para aprobar esta proposta de mobilidade e unha segunda proposta que será encargarlle á CRUSOE a elaboración dun plan de cooperación macrorrexional na liña do PIC (Plan de Inversións Conxuntas) xa existente para a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, estendéndoa a toda a macrorrexión, para presentalo á Unión Europea, en especial a DG Regio, coo xa o fixo Alemaña coa rexión do Danubio ou os países do Norte coa rexión do Báltico. Destaca o reitor a resposta positiva que recibiu dos gobernos que visitou como presidente da CRUSOE e a importancia que ten esta rede para abordar os problemas que temos en común as universidades da macrorrexión, como tema demográfico ou o de equilibrio territorial. Nesta colaboración, xa se solicitaron dous proxectos europeos, o Proxecto Imaxina, destinado á poñer en marcha unha plataforma de comunicación rápida e aberta a toda a comunidade investigadora da rede, cun investimento de catro millóns de euros e o Proxecto Pivot, cun millón e medio de euros, que serviría para apoiar o emprendemento no ámbito académico. Ambos proxectos están en proceso de avaliación, agardándose a resposta entre xullo e setembro.
3. Noutra orde de cousas, o reitor destaca o gran éxito da Feira Internacional Virtual de Emprego FINDE.U, que se celebrou a finais de maio, contando con miles de estudantes e titulados de Galicia e o norte de Portugal inscritos, e unha gran participación de empresas de case unha decena de países europeos, redes Eures de 12 países e máis de 850 ofertas de emprego. Esta iniciativa transnacional foi organizada polas universidades de Vigo, Porto e Tras-Os-Montes e Alto Douro. Destaca e agradece o reitor o extraordinario traballo das persoas que organizaron este evento, especialmente de Alejandro Martínez, responsable da Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, que pilotou ao todo o equipo dende a Vicerreitoría de Estudantes.
4. Continúa o seu informe o reitor, dando conta da sinatura do convenio marco entre a UVigo e a Fundación Banco Sabadell, co que se dará abeiro a unha serie de actividades encamiñadas á desenvolver programas de formación do alumnado e novos titulados e tituladas, que faciliten o coñecemento da realidade profesional. Tamén se potencian actuacións destinadas a favorecer a innovación, a excelencia e o talento entre o estudiantado e o resto da comunidade universitaria. Así como actividades de apoio á investigación e á transferencia de coñecementos, así como de cooperación na difusión da cultura e organización de actividades de extensión universitaria. Este convenio vaise desenvolver mediante o establecemento de acordos específicos sobre as diversas actividades ou proxectos. Xurde a partir da selección dun alumno da UVigo que gañou a nivel nacional un concurso que dinamizaba o Banco de Sabadell e lle permitiu unha estadía en Silicon Valley. Tras esta experiencia, pareceulles interesante a colaboración con nós e a Fundación Banco Sabadell asinou un convenio marco destinado fundamentalmente a dinamizar competencias transversais e profesionais, e a cultura do emprendemento.
5. Informa tamén da sinatura dos estatutos e da próxima presentación oficial da Cátedra Xosé Saramago, que pretende crear pensamento e levar ás sociedades en xeral e a española, galega e portuguesa en particular á afondar no pensamento sobre os grandes problemas universais. Este camiño iniciouse o 27

de abril coa sinatura dun convenio marco para a creación da Fundación Xosé Saramago e, posteriormente, estableceuse o contacto con distintas organizacións e fundacións para o patrocinio desta cátedra. Nela, prosegue o reitor, ademais da Fundación participan o Instituto Camões, o Instituto da Cooperación e da Lingua e a Fundación do Enxeñeiro Antonio de Almeida como membros honorarios. Esta cátedra que fora proposta polos profesores Burghard Baltrusch e Carlos Nogueira vai estar dirixida por membros do departamento de Filoloxía Galega, trátase pois, conclúe o reitor, dun produto institucional, pero froito do clúster de humanidades e o valora como unha aposta de gran interese para os nosos investigadores que dará visualización internacional á este ámbito da nosa universidade.

6. Refírese a continuación o reitor ao proceso de desenvolvemento do proxecto da sede corporativa do Campus do Mar nas antigas instalacións da ETEA, un proceso que dura xa cinco anos, dada a dificultade para atopar a metodoloxía técnica axeitada para lograr eses terreos a custe cero, é dicir, por cesión á Universidade. Despois dun ano de traballo xa están todos os diferentes aspectos ultimados, mesmo os acordos políticos, coa petición do reitor á Zona Franca de Vigo no mes de novembro, de que iniciara os trámites pertinentes. Este cesión xa foi aprobada no comité executivo ZFV, o que permitiu que a Zona Franca iniciara as negociacións coa Xunta de Galicia, que o aprobou en febreiro. Este acordo foi publicado no mes de marzo, lembra o reitor, e dende entón estase á espera do último trámite, que é a ratificación polo plenario do Consorcio da Zona Franca, xa que é un tema patrimonial. Indica o reitor que lle corresponde ao alcalde de Vigo, como presidente do Consorcio, a convocatoria do plenario, e confía en que sexa antes do verán, como corresponde por lei. Unha vez se aprobe, asinarase o convenio entre a Zona Franca e a Xunta de Galicia, e de xeito inmediato o acordo entre a ZFV e a Universidade, para comezar a actuar sobre os terreos cedidos. Destaca o reitor a urxencia destas medidas, xa que está solicitada unha axuda europea para realizar as primeiras actuacións, e agárdase o resultado da avaliación no período xullo-setembro. De ser concedida e non dispoñer da titularidade dos terreos, córrese o risco de perder a financiación. Reitera que esta urxencia é coñecida por todos os implicados, polo que confía en que no mes de xullo estea finalizado este proceso.
7. Pasa o reitor a dar conta da situación da negociación da RPT, e explica que, tendo en conta o tempo transcorrido dende as últimas formulacións globais das relacións de postos de traballo do PAS Funcionario e Laboral, a principios do ano 2015 o Goberno encárgalle á Xerencia a negociación cos representantes dos traballadores do sector PAS, tanto funcionarios como laborais, de dúas novas relacións de postos de traballo que actualicen e melloren a estrutura de soporte técnico e administrativo aos procesos que se desenvolve na UVigo.

Estas negociacións, despois dun longo proceso, se atopan neste intre na súa fase final e se están a desenvolver atendendo aos seguintes criterios:

- a) Consolidación dos postos de traballo que se teñen creado nos últimos anos, por riba de RPT, e que obxectivamente deban ser considerados estruturais, ao tempo que se aborda unha nova distribución de efectivos axustada ás necesidades actuais da Universidade de Vigo.
- b) Creación de postos de traballo indispensables para consolidar a estratexia da UVigo en procesos asociados a xestión da investigación e da transferencia do coñecemento; da mobilidade e a cooperación internacional; dos mestrados e da escola internacional de doutoramento; da calidade e das prácticas preprofesionais, entre outras actividades, como pode ser a xestión e posta en marcha das novas infraestruturas de investigación.
- c) Creación dunha estrutura de dirección e coordinación profesional, desconcentrada e adecuada as características das unidades de traballo, que reforce o traballo en equipo.

Explica o reitor que este dobre proceso negociador debe propiciar a posta en marcha e o desenvolvemento sen atrancos da funcionarización do PAS Laboral, proceso que se baseará na universalidade e na voluntariedade, así como na garantía dos dereitos económicos de tódolos traballadores que opten por funcionarizarse.

A tal efecto, informa de que, tras cinco reunións da comisión de estudo para a funcionarización, constituída entre a Xerencia e os Comités de Empresa PAS, vén de constituirse o pasado 11 de marzo

de 2016 a Comisión Tripartita, ao engadirse aos anteriores os representantes da Xunta PAS; Comisión Tripartita que está a espera do remate das negociacións das RPT's para continuar co seu traballo.

8. A continuación o reitor expón que, diante preocupación xurdida na Universidade pola situación creada entorno ao proceso de revisión e xustificación dos proxectos de investigación e demais accións dependentes dos ministerios, e especialmente do Ministerio de Economía e Competitividade, quere informar ao respecto.

Refire o reitor que, como xa é coñecido, nos últimos anos, as universidades e outros organismos de investigación españois está a experimentar un progresivo aumento no nivel de esixencia e complexidade dos procedementos de xustificación e control das subvencións ás actividades de I+D+i obtidas en convocatorias competitivas, tanto de ámbito autonómico, como estatal e europeo. Isto tradúcese en frecuentes auditorías, requirimentos de verificación, correccións e alegacións, indispensables para xustificar axeitadamente os fondos e por tanto evitar o reintegro dos mesmos ao organismo financiador.

Menciona a continuación, a modo de exemplo, algunhas cifras representativas, concretamente de proxectos de investigación financiados polo MINECO. Indica que, de 162 proxectos das convocatorias 2007, 2008, 2009, e 2010, a Universidade de Vigo presentou correccións e alegacións en 65 proxectos (o que supón un 40%). Destaca especialmente os curtos prazos que permite o MINECO cando emite un requirimento de corrección ou verificación así, explica, entre outubro de 2015 e febreiro de 2016 recibíuse requirimento de verificación para 63 proxectos das convocatorias de 2009, 2010, 2011 e 2012, cun prazo máximo habilitado para o envío da documentación de 10 días naturais. Tamén, no pasado mes de maio, en 3 semanas recibíronse notificacións de defectos de xustificación de 18 proxectos, para os que houbo que enviar documentación e preparar alegacións nos casos en que foi posible, no prazo máximo de 15 días hábiles.

Subliña o reitor que esta situación está a producir unha gran saturación e malestar no persoal investigador e os servizos de xestión de todas as universidades españolas, polo que, neste contexto, quere aclarar algúns aspectos:

- As sucesivas e crecentes esixencias na revisión e xustificación dos proxectos de investigación son impostas polo organismo financiador, sendo especialmente destacable o caso do MINECO. A Universidade de Vigo, como entidade beneficiaria das subvencións, ten a obriga de responder axeitadamente aos requirimentos dos organismos financiadores, baixo pena de reintegro total ou parcial das subvencións recibidas e xa executadas. E destaca que grazas a estas intervencións do Servizo de Investigación e da Xerencia, e ao traballo que se está a facer, lógrase que non se produzan devolucións.
- Xunto con outras universidades españolas, a Universidade de Vigo promoveu, desde a súa posición na CRUE (concretamente na Comisión Sectorial de I+D+i, de cuxo Comité Executivo forma parte a Vicerreitora de Investigación e Transferencia da Universidade de Vigo) reiteradas protestas por esta situación ante a Secretaría de Estado de Investigación, tanto a través de comunicados escritos como de entrevistas directas coa propia Secretaria de Estado e outras autoridades do MINECO. En resposta, explica o reitor, indicóusenos inequivocamente que a principal causa desta situación é a necesidade de xustificar axeitadamente os fondos europeos recibidos por España, para que estes sexan librados desde Bruxelas. Nos últimos anos, o MINECO compensou a diminución do orzamento dispoñible para as convocatorias de proxectos coa introdución de fondos europeos (p.ex. FEDER) naquelas comunidades autónomas para as que isto era posible, e os requirimentos de xustificación destes fondos son especialmente complexos. Este efecto é máis acusado nas comunidades autónomas potenciais receptoras destes fondos, como é o caso de Galicia. Non se apunta ningunha opción á flexibilización, de procedementos ou prazos, polo que, para evitar o reintegro dos fondos recibidos, os organismos beneficiarios das subvencións deben dar resposta satisfactoria aos requirimentos que se lles fagan, dentro do prazo que se lles marque para iso.
- Insiste novamente o reitor en que a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, a Xerencia, o Servizo de Investigación e o resto de servizos administrativos da Universidade de Vigo

téntase dar resposta aos requirimentos dos organismos financiadores da maneira máis eficiente posible. Pero, en ocasións faise indispensable a intervención do persoal investigador responsable dos proxectos, posto que hai aspectos específicos de indole técnica que non poden ser resolto polo persoal administrativo. Isto antes non sucedía, xa que antes só pedían que estivese ben facturado, agora esixen que se xustifique o fin dos fondos e a súa repercusión. Téntase simplificar no posible os requirimentos ao persoal investigador, aínda que este é un proceso en mellora continua, en parte tamén debido ás frecuentes variacións na información demandada e o formato esixido para o seu envío polo MINECO. Estes cambios causan importantes trastornos, pero o reitor quere que se coñeza que a institución está a actuar, e que se protesta no Ministerio polos prazos impostos.

Finaliza o reitor, o seu informe agradecendo a colaboración e o intenso traballo do persoal investigador pola paciencia e o compromiso, pero tamén o do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, que logran xustificar adecuadamente todas as subvencións recibidas, permitindo minimizar, por tanto, o risco de reintegro.

O representante do PAS, D. Luis Pérez Gómez, solicita poder facer unha intervención en relación co punto do informe do reitor da negociación da RPT, co que refire grandes discrepancias. Refire que non comezou no 2015, senón que no caso da relación de postos de traballo do Persoal Laboral comezara no 2012, mesmo existían propostas para os Campus de Pontevedra e Ourense. Pero que esta proposta foi detida por consideracións da Xerencia, polo que non se chegaron a acordos e se parou esta negociación da RPT Laboral por vontade de unha das partes.

Fai referencia tamén aos beneficios que o reitor indica da proposta da RPT, os principios que se mencionaron no informe do reitor, concretamente que se consolidan os postos por riba de RPT, cando se consideran estruturais. Comenta que algunhas destas prazas foron levadas á comisión de política de emprego, comisión non vinculante, só informativa. Así, no caso de algunhas prazas, se dixo que non se estaban a negociar senón a informar da contratación. Polo tanto, se cando se crearon todas esas prazas non houbo a capacidade negociadora que debe haber na negociación dunha RPT. Ese desacordo xa o manifestou ao longo destes anos, xa que non houbo modificación dende o 2009. E tamén o dixo no actual proceso de negociación da RPT, xa que na proposta que se presenta se recollen estas prazas e se propón consolidalas. Subliña que se pode estar de acordo ou non coa necesidade dalgunha desas prazas, pero non foron negociadas.

Outro aspecto que se menciona no informe do reitor é que hai unha nova distribución en función da necesidade, é dicir, dun axuste á realidade. Na súa opinión, centrándose no ámbito laboral para o Campus de Ourense, a proposta de 2016 é peor que a de 2012, e cree que a realidade deste ano do Campus de Ourense non foi correctamente recollida, xa que non ten que ver coa do 2012. Polo tanto, en relación coas prazas por enriba da RPT consolidadas, aínda que algunha delas está ocupada por persoal interino, coa expectativa de conseguir a praza cando saia a concurso. Pero se a praza se amortiza, implica en realidade unha redución de postos.

Lémbrale o reitor que está a intervir no punto do *Informe do reitor*, polo que debería cingirse a solicitarlle ao reitor unha aclaración do informe, sen entrar en debates. Indica que estes aspectos poden ser abordados en *Rogos e Preguntas*, punto no que pode deixar clara a súa postura en relación coa RPT.

O Sr. Pérez Gómez indica que non quere realizar ningún rogo nin unha pregunta, senón que como membro dunha mesa negociadora, con capacidade de negociar, chegou un momento na negociación na que se impoñen claros exemplos de que se está a negociar fóra das mesas. Considera que a proposta presentada é do goberno da institución, e como considera que está fóra da mesa de negociación, quere expoñelo no Consello de Goberno, pero non quere tratalo en *Rogos e Preguntas*, porque non quere rogar en cousas que se poden discutir. Non vai facer máis consideracións.

Responde o reitor que o seu informe se concreta no proceso de negociación actual, que se iniciou no 2015. Non nega que existise un proceso anterior, pero se centra no proceso que se está a desenvolver na actualidade. Despois de dezaseis meses estamos no final dese proceso, pero quedan temas por negociar, como os que menciona na súa intervención, e que están a ser debatidos na mesa de negociación.

Finaliza o reitor dicindo que no seu informe dá conta ao Consello de Goberno das reunións celebradas, do estado dos traballos etc. E debe quedar claro que estamos nunha etapa final da negociación, porque os períodos económicos marcan a pauta. e é necesario rematar este proceso despois de quince meses. Outro aspecto que quere deixar claro é que primeiro é necesario pechar a RPT e logo proseguirse proceso de funcionarización.

Punto 3. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2015.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen inicia a presentación deste punto lembrando que no Consello de Goberno de marzo xa se presentaran os resultados do exercicio de 2015, atendendo ao indicado no Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de abril de medidas urxentes para a racionalización do gasto público no ámbito educativo, e procede agora ter definitivamente aprobada a conta de liquidación antes do 30 de xuño. Polo tanto, se se referendan estas contas neste Consello, o seguinte paso será sometelas á aprobación do Consello Social da UVigo. Indica o vicerreitor que presentará un resumo das grandes cifras dese exercicio, e posteriormente o xerente debullará polo miúdo esta memoria do orzamento.

En primeiro lugar, indica que o aforro bruto orzamentario, é dicir, a diferenza entre ingreso corrente e gasto corrente no exercicio 2015 ten un resultado positivo de 5.583.300 € e, sen embargo, as operacións de capital (ingresos de capital menos gastos de capital) teñen un resultado negativo de 5.872.000 €. Este saldo negativo é consecuencia de que no 2015 finalizouse a execución de varios proxectos cuantitativamente moi importantes, pero cuxa financiación foi obtida en exercicios anteriores, por exemplo, ao remate das obras CACTI-CINBIO cun importe económico moi notable, o proxecto TACTICA ou o financiamento do ministerio para infraestruturas científicas para o traslado do CACTI ás novas instalacións. Estes aspectos xunto co inicio do novo Programa Marco de financiamento europeo, no que no exercicio 2015 houbo poucas convocatorias ás que optar para obter ingresos a executar a futuro que compensasen este gasto do 2015, fan que o saldo sexa negativo. Isto xa se viña avisando dende que no exercicio 2013 obtivemos o financiamento para o proxecto Táctica nos últimos días do ano, cun ingreso de preto de 8M euros, sen posibilidade computar gastos nese exercicio daquela, o que provocou que o resultado dese exercicio fora excepcionalmente positivo xa que, lembra o vicerreitor, pechouse ese exercicio cun superávit de 11 M€, pero os gastos derivados dese proxecto se realizaron a posteoriori e, de xeito moi significativo no exercicio 2015.

Polo tanto, continúa o vicerreitor, o resultado orzamentario non financeiro do ano 2015 é de -273.000€, e a ese resultado lle sumamos as operacións financeiras, que reflicten sobre todo a amortizacións e o pagos de intereses de todos os préstamos públicos que temos contraídos como universidade. Salienta que a UVigo non ten débedas con entidades privadas, pero si con organismos públicos, a través das cales fináncianse proxectos tan significativos como o Campus do Mar, ou como a construción de instalacións como o CACTI-Cinbio. Polo tanto, tendo en conta que o ano 2015 é o ano no que máis amortizacións deses préstamos públicos se acumulan, o saldo orzamentario do exercicio 2015 no seu conxunto é de -3.972.000 €. Pero, engade o vicerreitor, se aplicamos os axustes de periodificación, que distribúen no tempo os ingresos e os gastos de financiamentos que puidésemos ter captado en exercicios anteriores, o resultado orzamentario axustado é de 14 M€ positivo.

A continuación cede a palabra ao xerente, quen ofrecerá os detalles da conta anual.

O xerente comeza explicando que a conta anual, é un documento complexo que contén toda unha serie de estados financeiros e de resumos que foi elaborado fundamentalmente polo servizo da UVigo dirixidos pola Vicerreitoría e a Xerencia e que, tras pasar pola comisión de economía, debe ser aprobada polo Consello de Goberno, e polo Consello Social xunto co informe da auditoría, ademais da comisión de economía do Consello Social, e debe enviarse á Xunta de Galicia antes do 30 xuño. Enuncia os capítulos contidos nese documento complexo, e explica que dende hai uns anos véñse acompañando dun resumo que destaca os aspectos máis salientables, para facelo máis accesible para a comunidade universitaria e a sociedade en xeral. Este resumo foi entregado coa documentación desta sesión do Consello de Goberno, e o documento completo está a exposición pública na Secretaría Xeral.

Pasa a continuación a detallar os aspectos máis salientables da conta, comezando polo orzamento definitivo de ingresos que acadou nese exercicio os preto de 179.000.000 €, similar ao de anos anteriores fundamentalmente polas modificacións, nomeadamente, a incorporación de remanentes. Como corresponde ao principio de equilibrio orzamentario, o orzamento de gastos é exactamente igual ao de ingresos. Tamén indica que os gastos neste exercicio foron un 5,51% superiores os do ano anterior. En relación coa evolución do orzamento, amosa unha táboa que reflicte a evolución orzamentaria dende o ano 2011, na que se aprecia claramente a liña de estabilidade, na que a maior parte dos cambios veñen dados pola consecución de financiación finalista de proxectos de investigación. Na nosa Universidade, este financiamento é moi importante e o ritmo na execución deses proxectos, marcan tamén a execución dos orzamentos. Reitera o xerente que a estabilidade orzamentaria é razoable, especialmente nunha situación económica complicada como a deste período.

Continúa o xerente indicando que o resultado orzamentario xa foi analizado polo vicerreitor, e o detalle dos datos tamén figuran do documento da conta anual. Efectúa unha análise da evolución nestes anos do orzamento de ingresos, tendo en conta a evolución dos dereitos recoñecidos e o grao de cumprimento. Destaca o xerente que os criterios que se empregan na definición dos orzamentos de ingresos son moi rigorosos, polo que normalmente a porcentaxe de execución é moi alta todos os anos. Destaca que no 2015 houbo un incremento moi importante, de máis de 4 M€ que se reflectirá tamén nos gastos, correspondente á devolución dunha parte da paga extraordinaria, coa correspondente achega non prevista procedente da XUGA. A continuación analiza a evolución dos orzamentos de gastos no mesmo período, e subliña que, a pesar dos altos e baixos asociadas á execución dos fondos finalistas, se amosa a liña de equilibrio e estabilidade apreciada anteriormente. Neste apartado, destaca o incremento en gastos de persoal, que ademais do crecemento vexetativo, recolle a devolución da paga extra, xunto co incremento no capítulo VI, de investimento en infraestrutura científica, xa que o ano pasado foi moi intenso neste apartado, como se pode comprobar na memoria final que recolle no incremento da contratación administrativa derivada destes investimentos.

Continúa comentando o apartado de remanentes de tesourería, indicando que neste exercicio logrouse a recadación de ingresos asociados aos dereitos recoñecidos e cobrados. Apréciase unha mellora importante en relación ao ano pasado que se debeu fundamentalmente a un cambio da actitude das entidades financiadoras, fundamentalmente Xunta de Galicia e Ministerio. Subliña o xerente que non é cuestión só de ter dereitos, senón de que nolos recoñezan.

Prosegue o xerente, explicando que a situación financeira da universidade permite, con independencia das oscilacións nos ingresos, ter un cumprimento estrito coas obrigas de pago. Se executan ditas obras de xeito estrito, cumprindo os prazos correspondentes, salvo en casos concretos de imposibilidade material.

En relación co resultado económico patrimonial e co balance de situación, o xerente quere trasladar que se traballa cunha estrutura de orzamento público, é dicir realízase contabilidade orzamentaria. Ao remate do exercicio se traslada a unha contabilidade financeira que se recolle nos documentos da conta anual. Destaca a existencia duns indicadores importantes que indican como se debe entender as masas do balance e o resultado, e polo tanto, coñecer a financeira da Universidade de Vigo. Todos os indicadores amosan un resultado moi bo, indicando que a situación da UVigo é mellor incluso que a do ano 2014, no que os resultados xa eran bos. Finaliza referíndose a os fluxos de efectivo, e destaca novamente que este ano logrouse recadar en prazo os dereitos que consigue a universidade.

Tras esta intervención, o reitor subliña que o importante é que excepto, os picos debidos a cando se reciben as achegas procedentes de convocatorias de concorrencia competitiva, a solidez e solvencia económica desta Universidade está demostrada.

Non hai preguntas.

Apróbase a conta de liquidación do orzamento do exercicio 2015 (**Anexo I**).

Punto 4. Aprobación, se procede, de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2015.

O reitor cede a palabra ao xerente da Universidade de Vigo para a presentación deste punto. Explica o xerente que o proceso de peche de exercicio implica que a partir unha data determinada, normalmente entre mediados, finais de novembro, hai unha serie de operacións que xa non se poden levar a cabo porque non é posible realizar modificacións orzamentarias, fundamentalmente xeracións. Polo tanto, unha vez aprobada a conta de liquidación do orzamento e determinado o remanente da universidade, que é positivo, procédese a aplicar dito remanente para cubrir as operacións que quedaron pendentes. Na documentación achegada se especifican as operacións para as que se solicita aprobación.

Fai fincapé o xerente que as datas para os procesos de peche veñen dados polas obrigas doutras administracións, e así, lembra as modificacións que se realizaron no ano 2010 coa xestión do IVE nos proxectos de investigación, e que estamos sometidos a un pormenorizado proceso de inspección pola Axencia Tributaria que nos obriga a ser extraordinariamente estritos na xestión económica. Engade que este ano unha sentenza do Tribunal Supremo ven de referendar a postura das universidades públicas, especialmente a de Vigo en relación con esta xestión do IVE.

Non hai intervencións en relación con este punto e apróbanse as solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición.

Punto 5. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da Área de Apoio á Docencia e Calidade a Área de Calidade.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que se trata dun cambio de carácter técnico para dar oficialidade ao nome que xa se ven utilizando de xeito habitual na práctica e que coincide co que, de xeito moi maioritario, empregan as demais universidades.

Enténdese que o apoio á docencia, xunto con todas as funcións de tramitación dos títulos que se está a realizar neste área, quedaría perfectamente amparado pola denominación de Área de Calidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, de prórroga de comisión de servizos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Lembra a vicerreitora que no Consello de Goberno do mes de maio do ano pasado foi aprobada a solicitude da profesora, dona María Luisa Rodicio García, para incorporarse ao Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación en comisión de servizos. Engade que se trata dunha profesora titular da área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación no Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación da Universidade da Coruña.

Continúa informando de que esta comisión de servizos pode prorrogarse un ano, e esta é a solicitude que se presenta para a súa aprobación polo Consello de Goberno, subliñando que foi aprobada pola COAP do día 19 de maio, xuntanza na que se aprobaron os POD dos departamentos.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, de solicitudes de nomeamento de profesorado emérito.

Cede o reitor novamente a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Explica que foron achegadas tres solicitudes de nomeamento de profesorado emérito, correspondente a profesores que se xubilan forzosamente este ano. Estes profesores son:

- María do Camiño Noia Campos, catedrática de Filoloxía Galega e Portuguesa
- Juan Fernando de Laiglesia González de Peredo, catedrático de escultura

- Luis Rodríguez Ennes, catedrático de Dereito Romano

Informa a vicerreitora de que todos os candidatos cumpren os requisitos mínimos esixidos para a presentación das solicitudes, segundo recolle a normativa de Nomeamento de Profesorado Emérito da Universidade de Vigo, e recibiron o informe favorable dos tres departamentos de xeito unánime. A COAP, na súa reunión do 19 de maio de 2016, informou favorablemente sobre estas solicitudes de nomeamento de profesorado emérito. Os CV dos candidatos foron enviados xunto coa convocatoria a partir do 1 de setembro. Proponse polo tanto, que estes profesores continúen como profesorado emérito durante o curso que ven na Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da normativa de Traballos de Fin de Máster.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado realiza a presentación deste punto, poñendo de manifesto que a Universidade de Vigo dispón dunha normativa que regula a realización dos Traballos Fin de Grao, pero non para a realización dos Traballos Fin de Máster. Expón que o máis habitual nas outras universidades é que as regulacións de ambos traballos, se recollan na mesma normativa, pero este non é o noso caso. Polo tanto, proponse adoptar á normativa de TFG para o caso dos TFM, recollendo o mesmo tipo de actuacións e procedementos pero introducindo algunhas diferenzas derivadas das existentes na propia tramitación dos másteres e dos graos. Por exemplo, explica, dispoñemos de másteres de carácter interuniversitario, pero graos interuniversitarios, non. Polo que, aínda que esta normativa se aplicará tan só ao profesorado da UVigo, debe quedar amparada polos convenios asinados para a impartición dos másteres interuniversitarios, podendo darse a circunstancia de que se aplicara tamén a outros estudantes.

Reitera a vicerreitora a similitude entre ambas normativas, con algunhas diferenzas ao aparecer a Comisión Académica do máster na xestión de algúns aspectos. E pasa a explicar a cuestión. Indica que a proposta de normativa foi debatida con todos os coordinadores de todos os másteres a Universidade de Vigo, e nela intentouse recoller todas as consideracións que se aportaron nesas xuntanzas e que, basicamente, se centraban en manter ese certo control dos procedementos por parte das comisións académicas dos másteres. Explica que aparece a Comisión como responsable académica da asignación dos títulos do TFM ao estudantado, aínda que a aprobación ten que ser realizada pola Xunta de Centro; tamén será a encargada da tramitación das posibles reclamacións que xurdan na titorización. Do mesmo xeito, a Comisión Académica será responsable de propoñer a avaliación dos traballos de Fin de Máster. Os centros da universidade están obrigados a recoller nunha normativa propia a adaptación desta normativa xeral aos másteres que teñan asignados no seu centro e, transitoriamente, se aplicará a normativa de TFG deses centros a estes másteres.

Engade a vicerreitora que a idea é que a tramitación dos Traballos Fin de Máster se realice do mesmo xeito que a dos TG, dende o punto de vista técnico e informático, de maneira que o estudantado só poida defender o TFM cando teña superados todos os créditos. Paralelamente, cando non teñan superada algunha das materias e non podan defender o TFM nesa convocatoria, e polo tanto teñan que matricularse para a seguinte, poidan acollerse ao abonamento do 25 % da matrícula, como matrícula con dereito só a exame. Se ben é certo, indica que esta casuística é moito menos frecuente que no caso dos TFG.

Ábrese unha rolda de intervencións, na que a representante do estudantado Dña. Bettiana Hidalgo formula diversas preguntas en relación con este regulamento:

En primeiro lugar, pregunta en relación ao recollido no artigo 4 do regulamento se a matrícula reducida do 25% fai referencia ás materias suspensas ou só ao TFM. Formula o caso que lle trasladan os alumnos que, unha vez matriculados en xuño, non lles da tempo á presentar o TFM nesa oportunidade. nin en nullo, por exemplo, por estar de Erasmus fóra.

Responde a vicerreitora que o artigo non se refire a esa situación. Explica que, ao igual que acontece no TFG, fai referencia a aquel estudantado que matriculou o TFM, o ten realizado, depositado no centro e con informe favorable, pero non o puido defender por ter suspendido algunha materia. Deberá volver a matricularse do Traballo Fin de Máster e, cando o faga, gozará desa redución de matrícula, porque o traballo xa está realizado. Polo tanto, é como se pagase tan só os dereitos de exame.

Intervén de novo a representante do alumnado, para preguntar por aqueles casos de estudantes que tendo todas as materias aprobadas non poden defender o traballo por falta de tempo e teñen que volver a matricularse do mesmo, pagando un importe que pode chegar a ser de 720 € no caso dos TFM de 24 créditos.

A vicerreitora responde que, en primeiro lugar, os TFM de tantos ECTS non son moi habituais. E, en segundo lugar, cómpre lembrar que o TFM, igual que o TFG, teñen a mesma consideración que unha materia ordinaria, polo tanto, cando un estudante non pode avaliarse por motivos persoais, ten que volver a matricularse. Polo tanto, este artigo reconece, igual que no grao, a situación dun alumno que está matriculado correctamente, e tendo o informe favorable do titor (que reconece que o traballo está realizado), non o pode presentar porque non reúne as condicións necesarias para poder facelo.

Pregunta dona Bettiana Hidalgo pola posibilidade de que os alumnos se puideran matricular do TFG ou TFM no momento no que estiveran en condicións de defendelo.

Explica a vicerreitora que esta situación, común a grao e máster, xa foi estudada. Un dos problemas que xorde é que os estudantes que así o fixeran non podería solicitar bolsas, xa que non cubrirían os 60 ECTS necesarios. Subliña que esta situación vén derivada do feito de que o decreto trata aos TFG e TFM como unha materia máis, unha materia “normal”, aínda que en algúns casos non o é. E que, ao igual que en calquera materia na que ao alumno ou alumna non se presenta, ten que volver a matricularse.

Insiste dona Bettiana Hidalgo en que non é a mesma situación, xa que o TFM ten maior carga de ECTS, e responde a vicerreitora que non necesariamente, depende do máster. E entende que o problema non depende do número de créditos, é un problema de concepto. Subliña que, en todo caso, deriva da aplicación dun real decreto de rango estatal, non é unha decisión da Universidade de Vigo. Reitera que, en calquera caso, a problemática en máster é case irrelevante, é mais habitual no caso dos TFG. E a normativa xa se está a empregar neses casos. En máster, ata o de agora, non se produciu un caso problemático neste sentido, xa que, de xeito habitual os alumnos teñen aprobadas as materias cando defenden o TFM. Indica que tal vez a vicerreitora de Estudantes poida aclaralo mellor, xa que en grao se producen máis casos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen considera que foi explicado con claridade e, que en efecto, estas situacións derivan de que o Real Decreto considera o Traballo Fin de Grao como unha materia máis do grao, incluída no cómputo das bolsas, polo tanto, cando se propón á renuncia á matrícula do TFG, habería que renunciar á bolsa. Destaca que tamén, como unha materia máis, está incluída na normativa de permanencia que, como é sabido, establece un mínimo e un máximo de créditos a matricular, e no caso de non matricularse do TFG, o alumno non cumpriría os mínimos necesarios. Ao igual que a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, explica que esta cuestión xa foi estudada con detalle, porque esta situación xa foi formulada por parte do alumnado de grao, pero non hai marxe de actuación, dado que, repite, trátase dunha materia que está definida como unha máis. E, polo tanto, se por estar de Erasmus, por problemas persoais ou circunstancias similares non se pode defender o TFG, ao igual que outra materia, hai que volver matricularse dela.

Intervén a continuación o profesor Pou Saracho, para indicar que está de acordo coa redacción da normativa, pero que a Universidade debería intentar que a Xunta modificara a consideración do TFG e TFM a nivel de taxas, e pase a tratalo de igual xeito que os antigos Proxectos Fin de Carreira das Enxeñarías e Enxeñarías técnicas, que tan só se matriculaban e pagaban no momento en que o alumno estaba en condicións de defendelo. É dicir, que o TFG tarife cunha taxa independente.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado explicando que esa diferenciación do TFG non se pode regular dende as comunidades autónomas, xa que é un tema que depende exclusivamente do Ministerio, que está recollido no Real Decreto de Títulos.

Insiste o profesor Pou Saracho que no decreto se establece que os prezos públicos os fixará a Comunidade Autónoma. Aclara a vicerreitora que no último decreto do ministro Wert, de racionalización do gasto público no ámbito educativo, no apartado relativo ás taxas universitarias establécese un prezo público por crédito para primeiras matrículas, segundas matrículas, terceiras matrículas e posteriores, para Grao e

Máster, cun intervalo no que se poden mover as CC.AA. Pero, engade, non se pode establecer unha taxa diferente para unhas materias e outras.

Intervén o reitor para afirmar que está claro que os dous decretos Wert, o de títulos e o de taxas, teñen varios efectos perversos. E que dende as universidades se está a presionar para que se cambien. E a capacidade operativa da Xunta de Galicia está en influír para que se produza ese cambio dos decretos que puxo en marcha o Ministerio. Reitera que nesa liña se está a traballar e se continúa ffacendo.

Toma a palabra vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para engadir unha aclaración importante, que é o feito de que na Universidade de Vigo se pague só o 25% do custo da primeira matrícula cando se volve a matricular o TFG ou TFM nestas circunstancias, non se fai no resto das universidades, ata onde sabemos. É algo que realiza a Universidade de Vigo por unha normativa propia. Certo que a Xunta de Galicia o permite, continúa, pero o regula e asume a Universidade. Nas outras universidades se paga a matrícula completa, en segunda e sucesivas matrículas. Lembra a vicerreitora que nos estudos de Grao non existe a posibilidade de matrícula só con dereito a exame, como existía nos antigos títulos LRU, por iso quere insistir en que a nosa normativa recolle esa posibilidade, pero especificamente para este caso.

Subliña o reitor que a Universidade de Vigo é a única que ofrece esta posibilidade, polo que debe quedar claro que, no ámbito das nosas competencias, facemos o posible. Pero máis aló, só podemos intentar que se cambien os decretos, xa que o marco regulador nos limita. Lembra que o Claustro da Universidade aprobou unha moción promovida polos representantes do estudiantado para reiterar a petición de que se recupere o dereito de matrícula só con dereito a exame nas materias dos planes de estudio extinguidos.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

Punto 9. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, que indica que este de hoxe é o paso final dun proceso que comezou en outubro de 2015, cando foi recibida a solicitude da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas de cambio de denominación do centro polo de Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Resume a secretaria xeral os pasos dados neste sentido, explicando que, de acordo co que recolle o artigo 12 dos Estatutos da UVigo, o Consello de Goberno, na sesión de 21 de decembro de 2015 aprobou o inicio do correspondente expediente de cambio de denominación e, o día 29 de decembro, o Pleno do Consello Social emitiu informe favorable a este cambio. Cumprindo co establecido nos Estatutos, abriuse un período de exposición pública para alegacións da comunidade universitaria entre o 20 de decembro e o 25 de febreiro. Nese período, prosegue, presentouse unha alegación da Escola de Enxeñaría Industrial e outras, equivalentes no seu contido, pero procedentes de entidades alleas á comunidade universitaria. Ditas alegacións foron respondidas pola ETS de Minas, como se pode comprobar na documentación achegada coa convocatoria.

Explica a secretaria xeral que tanto as alegacións, como a resposta da ETS de Enxeñaría de Minas foron consideradas na sesión do Claustro universitario celebrada o 6 de maio de 2016 e, tras o correspondente debate, o Claustro acordou emitir informe favorable á petición de cambio de denominación

Polo tanto, xa que se cumpren todos os requirimentos legais, e conta cos informes favorables do Consello Social e do Claustro Universitario, preséntase ante este Consello de Goberno a aprobación da proposta de cambio de denominación de ETS de Enxeñaría de Minas á *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía*. Lembra tamén que, de ser aprobada por este Consello restaría dar traslado á Xunta de Galicia para a súa aprobación, tras informe do Consello Galego de Universidades. Posteriormente o remitira ao RUCT, se publicará no DOG e será comunicado á Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Finalizada a exposición da secretaria xeral, ábrese unha rolda de intervencións. Pide a palabra o director da Escola de Enxeñaría Industrial, profesor Pou Saracho, para explicar que a Xunta de Escola da EEI aprobou a alegación presentada, secundando a opinión expresada polos colexios oficiais de Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia e polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais. Estes

colexios profesionais indican que a nova denominación pode inducir a erro tanto á sociedade como aos futuros alumnos, porque esta denominación induce a pensar que poden alcanzar unhas atribucións profesionais que a titulación de Enxeñaría da Enerxía non posúe. En segundo lugar, prosegue o director, son varios os centros da UVigo que imparten titulacións que están relacionadas con distintos aspectos da enerxía, produción, transporte, utilización e xestión. Por exemplo, menciona: a escola de Enxeñaría Industrial, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e a Escola de Enxeñaría Forestal, entre outros. Fai fincapé que, en concreto aos graduados de Enxeñaría na rama Industrial, a lei 12/86, lles atribúe atribucións no ámbito da enerxía, tanto xenéricas, como específicas.

Engade o director da EEI que, dado que as competencias de enerxía están repartidas entre as titulacións dos dous centros e para evitar as confusións, os colexios profesionais consideran que non sería necesario que o nome do centro recolla a denominación das dúas titulacións que se imparten nel. E, de acordo con esa idea, a EEI realizou unha proposta na que suxeríuse un nome alternativo, o de "Escola de Enxeñaría de Minas e Recursos Enerxéticos". Indica tamén que é unha situación difícil para el, xa que a relación entre ambos centros é intensa, os profesores o son en gran medida de ambas Escolas, compártense instalacións e a relación é excelente entre ambos, pero realiza a defensa da alegación que foi aprobada no seu centro.

O reitor fai fincapé en que este debate xa tivo lugar no claustro e que tras considerar todos os argumentos, o claustro tomou unha decisión. Por iso, reitera que se somete á consideración do Consello de Goberno e se procederá á votación pero a proposta do equipo de goberno é manter o acordo tomado polo Claustro universitario.

A secretaria xeral explica que, sen entrar novamente no debate, quere facer unha aclaración por se houbera membros do Consello de Goberno que tiveran dúbidas. Aclara que toda a normativa, tanto do Ministerio como da Xunta de Galicia, impón que a denominación das titulacións universitarias non deben inducir a confusión. E isto está garantido xa que, como se explica no informe da ETS de Enxeñaría de Minas, o grao en Enxeñaría da Enerxía Grao é unha titulación que non capacita para profesión regulada e así se indica con claridade na web do centro.

Continúa afirmando que non existe ningunha normativa que condicione a denominación do centro, máis aló de que induza a confusión acerca do tipo de centro que é, de ensino superior, Escola ou Facultade, etc. Polo tanto, pode haber discrepancias de se esta denominación é mellor ou peor, e cada centro ou mesmo cada persoa pode ter unha opinión, pero non existe ningunha normativa que a impida.

Pide a palabra a directora da ETS de Enxeñaría de Minas, a profesora Natalia Caparrini, e aclara que na Escola se imparte o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, que capacita para a profesión regulada de Enxeñeiro Técnico de Minas e Grao en Enxeñaría da Enerxía que non ten atribucións profesionais específicas. Explica tamén que o cambio de denominación proposta é o mesmo que se realizou noutras escolas de Minas do Estado, especialmente a Universidade Politécnica de Madrid (que foi o centro de referencia na creación da de Vigo) e a de Oviedo. Nestes centros se cambiou o nome do centro hai anos e non se ten causado ningunha confusión ao alumnado.

Replica o profesor Pou Saracho que é certo, pero tamén debe indicarse que as grandes escolas do mundo, como a École des Mines de Paris, non o fan así.

Tras un intercambio de opinións neste sentido, o reitor propón que se vote o cambio de denominación da ETS de Enxeñaría de Minas á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, de acordo coa proposta presentada.

Apróbase a proposta por 27 favor, 1 voto en contra e 3 abstencións.

Punto 10. Aprobación, se procede, da Normativa para a contratación de persoal con cargo a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen presenta a proposta de normativa lembrando que as actividades de investigación e transferencia, que constitúen dúas das misións fundamentais da Universidade, realízanse maioritariamente mediante a obtención de recursos das

diferentes administracións públicas ou a través da colaboración con empresas, no marco establecido polo artigo 83 da LOU. Para a execución dos proxectos, requírese con frecuencia a contratación de persoal específico, investigador, técnico ou de outro tipo. Esta contratación, continúa, realízase polo xeral a través de contratos de traballo por obra ou servizo determinado, segundo o indicado pola LOU. Adicionalmente, explica a vicerreitora, a Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación tamén establece diversas modalidades de contrato de traballo específicas para o persoal investigador.

Por este motivo, expón a vicerreitora, se presenta a este Consello de Goberno unha proposta de normativa que quere establecer un marco normativo interno da Universidade, que regule a contratación de persoal con cargo a actividades de I+D+i e permita asegurar que, como entidade pública que é, se levan a cabo ditas contratacións respectando a normativa vixente, e garantindo a libre concorrència e igualdade de oportunidades dos candidatos.

Nesta proposta se define o contexto legal e o ámbito de aplicación, as categorías de contratación e as súas funcións, así como un cadro de retribucións mínimas para cada caso e detalles relativos á xornada laboral, entre outros aspectos. Destaca a vicerreitora de xeito especial a especificación das categorías de contratación en: Investigación (que inclúe a figura de Investigador, que require a titulación de doutorado), de Apoio técnico á investigación e de Apoio á xestión da investigación. Refírese tamén á mención que se realiza no texto da proposta aos procesos de selección, para os que a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e a Xerencia desenvolverán os procedementos necesarios e organizarán a xestión administrativa dos mesmos.

Para rematar, indica que esta normativa foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación do 8 de xuño de 2016.

Engade o reitor que a proposta de normativa seguiu un proceso de explicación a todos os investigadores e investigadoras principais dos grupos de investigación pola vicerreitora de Investigación e Transferencia e a xerencia, e se integraron as propostas recibidas.

Intervén a estudante dona Bettiana Hidalgo para preguntar se a retribucións mínimas que se indican na normativa inclúen os custos sociais dos contratos.

Responde a vicerreitora de Investigación e Transferencia que ese concepto é a maiores. Remarca que o importe que figura na normativa e a retribución mínima, e optouse por este valor mínimo porque é acorde co recollido nas normativas doutras universidades de España e noutros organismos de investigación.

A representante do estudiantado indica que ese valor está moi afastado dos 36000 euros que ofrece a Xunta de Galicia para os contratos posdoutorais e os 23000 € para os estudantes de doutoramento.

Reitera a vicerreitora que o que se indica é un valor mínimo, que por suposto pode ser opinable, xa que existen distintas convocatorias nas que se ofrecen retribucións diferentes, e depende con cal se compare. A este respecto, aclara que na propia normativa se recolle que se a contratación se formaliza ao abeiro de convocatorias de axudas ou subvencións nas que se establezan retribucións específicas, deberanse respectar ditos valores. Entende o interese que suscita este aspecto pero fai fincapé tamén en que, como dixo o reitor, esta normativa foi debatida amplamente por todos os campus cos distintos grupos, e este tema foi tratado e acordado.

O reitor aclara que cando se realiza a rolda de explicacións e debates con todos os investigadores, hai peticións en distintos sentidos, polo que é preciso acadar unha solución de compromiso, para dar resposta as distintas necesidades xa que os proxectos teñen distintos valores na partida para persoal. O normal é que os contratos se formalicen cun intervalo entre os 21000 e os 40000 euros, pero lembra que hai proxectos cunha cantidade moi pequena nese apartado, e cando menos agora hai un valor mínimo, antes non existía. Aclara tamén que os importes dos contratos nas convocatorias da Xunta de Galicia proceden da etapa na que lle correspondeu a el esa responsabilidade dende a Dirección Xeral de I+D e foron o froito dunha decisión política concreta, que tiñan un compromiso de incremento, o cal foi moi criticado. Insiste en que antes as retribucións dos contratados con cargo a proxectos eran unha prerrogativa do investigador ou investigadora principal dos proxectos, e este é o primeiro paso no que se establecen unhas condicións mínimas, mediante unha normativa consensuada. A vicerreitora subliña tamén que este valor mínimo foi negociado e aprobouse cun amplo consenso entre todos os investigadores.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Berrocal, quen agradece a dispoñibilidade da vicerreitora, o xerente e o vicexerente de Recursos Humanos ao longo das roldas de explicación da normativa. Considera que o proceso foi impecable; que se enviou o borrador con tempo para analízalo; que houbo varias reunións en función dos ámbitos; que se debateu o texto e recoñece que se incorporaron as suxestións realizadas. Agradece polo tanto, a actuación levada a cabo e a pon como exemplo de que os procesos ben realizados logran bos resultados. Suxire que se faga o mesmo cando se desenvolvan os procedementos, porque hai matices que non poden estar incluídos na normativa, pero si nos procedementos. Menciona que hai unha serie de dúbidas, como as listas de agarda, os criterios de selección, a composición das comisións etc. polo que considera que debería empezarse antes posible.

Agradece o reitor a intervención do profesor Rodríguez Berrocal e afirma que trala aprobación da normativa, pónerase en marcha o traballo para iniciar un procedemento similar que conduza á elaboración dos procedementos.

Finaliza a vicerreitora de Investigación e Transferencia agradecendo a disposición manifestada polo persoal investigador, cunha participación moi activa e construtiva, que axudou a comprender aspectos que non se tiveran en conta, o que permitiu a mellora da proposta. Reitera o seu agradecemento a todos.

Apróbase a normativa (**Anexo III**) para a contratación de persoal con cargo a actividades de I+D+i por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, da adhesión da Universidade de Vigo á Asociación de Universidades do Estado Español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para a presentación desta solicitude de adhesión, que foi presentada polo departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo, xunto cos estatutos da Asociación de Universidades do Estado Español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación. Dita asociación, explica a secretaria xeral fíoi constituída a partir da Conferencia de Centros e Departamentos de Tradución e Interpretación, na que este departamento participaba xa dende o seu inicio. Esta transformación está motivada pola crecente necesidade de representación del colectivo académico de tradución e interpretación del estado español cando realizan estas funcións, cada vez son máis demandadas en tribunais, acollida de refuxiados, situacións de violencia doméstica, etc. Para dar sustento a estes profesionais é necesario crear unha Asociación con entidade propia. Para formar parte desta Asociación, cada universidade debe presentar a solicitude aprobada polos procedementos internos de cada universidade e despois pasa a aprobación desta Asemblea Xeral. Engade tamén que practicamente todas as universidades do estado que contan con esta titulación están xa asociadas.

Para proceder á adhesión, no caso da UVigo, son preceptivos os informes de Asesoría Xurídica e do servizo de Control Interno, que son favorables, é preciso o informe favorable do Consello Social, que xa foi emitido na sesión do pleno do día 29 de abril, e a aprobación do Consello de Goberno, motivo polo que se presenta a proposta nesta sesión.

Engade o reitor que a Universidade de Vigo considera estratéxico para os nosos profesionais de Tradución e Interpretación participar nesta organización, para garantir o mellor desempeño das súas funcións e da mellor capacitación das persoas que formamos neste campo.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Acordo para a cooperación internacional entre a Universidade de Vigo e a *Università degli Studi di Brescia* (Italia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Mendoza* (Argentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Mendoza* para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de los Andes* (Chile) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, para a implantación do título de Mestrado

Universitario en Investigación Química e Química Industrial pola Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Técnica Federico Santa María* (Chile) para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

Punto 13. Elección de representantes no Consello Social: 1 Estudante.

O reitor informa de que non se presentou ningunha candidatura. Polo que queda vacante para ser elixida nun próximo Consello de Goberno.

Punto 14. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 Estudante.

Informa o reitor de que foi presentada unha única candidatura, a de Dna. Beatriz López Puga, pero non pode ser admitida, xa que non presentou o aval de 10 membros do Consello de Goberno, tal como dispón o artigo 26.3 do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno. Polo tanto, queda vacante.

Punto 15. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PDI; 2 Estudantes.

Foi presentada unha candidatura, no sector estudantes, a de D. Víctor Barbosa Losada, polo que non é preciso celebrar eleccións.

Punto 16. Elección de representantes na Comisión de Investigacións: 2 Estudantes.

Indica o reitor que tamén neste caso presentouse tan só unha candidatura, polo que non é preciso celebrar eleccións. A candidatura presentada foi a de Dna. Bettiana Marcela Hidalgo Robatto.

Punto 17. Elección de representantes na Comisión de Organización Académica e Profesorado: 2 Estudantes.

Presentáronse dúas candidaturas, polo que non é preciso realizar as votacións, proclamándose os candidatos: Dna. Paula Rivera González e D. Ernesto Vázquez-Rey Farto, membros da comisión.

Punto 18. Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 2 Estudantes.

Presentáronse dúas candidaturas, as de D. Tomás Díaz Casaleiro e D. Diego Rodríguez Varela. Non é preciso realizar as votacións.

Para finalizar este punto, a secretaria xeral realiza unha aclaración indicando que, ademais das prazas que quedaron vacantes nestas comisións, no próximo Consello de Goberno deberá ser elixido o representante dos estudantes na CEUNE, como nos indicaron os membros do Consello deste sector.

Punto 19. Rogos e preguntas.

Ábrese unha rolda de intervencións, que comeza o profesor Hixinio González, quen en representación do colectivo dos contratados doutores interinos realiza o rogo de que, ao igual que o ano pasado, se priorice a ese colectivo na convocatoria de prazas de profesorado. Débese ter en conta para que este colectivo non se enquiste na situación de interinidade.

Responde o reitor que lle consta que ese rogo se atende e se fai todo o posible. Cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica de Profesorado. A vicerreitora entende que este rogo se formule para que conste en acta, e di que o profesor sabe que tivo unha reunión co colectivo de CD interinos recentemente e que, simultaneamente, esta situación se debateu na COAP e na Mesa de Negociación sindical. Lembra que destes temas se pode falar con todos os colectivos, e así o está a facer, pero os órganos de negociación e de toma de decisións son a mesa sindical e este Consello de Goberno, que é quen finalmente aproba. Reitera que se está a tratar este tema con todos, intentando atender a todas as fronteas.

Intervén a continuación o representante do alumnado D. Ernesto Vázquez dando lectura a un escrito, que se achega como **Anexo IV** nesta acta, no que dá conta de que unha sentenza recente ditada pola Sala 3ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, desestima o recurso presentado pola Asociación de Xuristas en defensa da Lingua Propia, para que fora recoñecido o dereito ao emprego da lingua propia nas probas de acceso á avogacía e á procuradoría dos tribunais. Na opinión do colectivo, esta sentenza limita os dereitos lingüísticos que a Constitución Española recoñece ás comunidades con lingua propia.

Polo tanto, requiren da Universidade que solicite da Xunta de Galicia un posicionamento a este respecto, e ao Ministerio de Xustiza, para que arbitren as medidas necesarias para que estas probas poidan ser realizadas nas linguas do Estado; e finalmente, que se dirixa á Valedora do Pobo para que exerza unha función de tutela deses dereitos.

O reitor amosa o seu acordo en elevar esta petición de maneira formal, matizando que a Universidade non se pode pronunciar en contra dunha sentenza xudicial. Polo que poderemos instar á Xunta para que vele polos dereitos dos cidadáns no uso do galego, ou para que se introduzan os cambios legislativos necesarios para que non se produza dita actuación xudicial, etc. Pídelle ao representante do alumnado que achegue o escrito e tramitaremos a solicitude.

A continuación, a representante do estudantado Dna. Beatriz López formula unha pregunta ao reitor, no sentido de se neste curso vaise abrir algún tipo de mecanismo para as materias que están envías de extinción. Menciona que os alumnos de anteriores plans tiveron a posibilidade de acollerse ao convenio de 26 de novembro de 1998 asinado polas tres universidades de Galicia, que agora está invalidado. Polo que os alumnos actuais non teñen as mesmas oportunidades. Indica que esta reclamación foi presentada por diversos alumnos diante do Tribunal de Garantías.

Para responder a este tema, o reitor cede a palabra a vicerreitora de Estudantes. A vicerreitora indica que ao escrito que menciona do Tribunal de Garantías xa se lle deu resposta. E aclara, como xa lle comentara nunha conversa telefónica, que non se trata de que se invalidara o Convenio interuniversitario, senón que as titulacións se extinguen tamén nas outras universidades, polo que os alumnos non poden examinarse noutra universidade do SUG de materias que tamén alí están extinguidas. Polo tanto, non se aplica ese convenio porque non é posible a súa aplicación. Por outra parte, o Ministerio obrigaba a manter dous anos, dúas convocatorias por ano, é dicir un total de catro convocatorias para facilitar a superación das materias aos estudantes afectados pola extinción das titulacións en extinción. Nesta universidade déronse tres anos, con dúas convocatorias por ano, ou sexa, 6 convocatorias. Ademais diso temos o procedemento da Avaliación curricular, é dicir, a instancia dos estudantes, a comisión de avaliación examina a totalidade do currículo do solicitante e poden considerar que o alumno reúne as condicións para que lle sexan compensadas unha ou dúas materias que tivera pendentes, ou ata tres materias no caso dunha licenciatura. Pero, a maiores destas dúas vías, lembra a vicerreitora que ditouse a Resolución Reitoral de 15 de setembro de 2014 para que os alumnos afectados polo proceso de extinción dunha titulación puideran cursar na titulación de grao materias consideradas equivalentes ás da súa titulación de orixe que se ían extinguindo. Por estas tres vías moitos estudantes puideron concluír os seus estudos de diplomatura ou licenciatura. Aquel alumnado que por ningunha destas vías logrou rematar, porque teñen máis materias pendentes que as que se contemplan nelas, adaptáronse aos estudos de grao.

Intervén novamente Dna. Beatriz López e di que a avaliación curricular no é unha vía factible. E a Resolución reitoral de 2014 non se puido aplicar na facultade de dereito ata este ano, e na Escola de Enxeñaría Industrial non o será ata o ano que ven. Polo tanto, non hai posibilidade de superar ditas materias. Dado que a este alumnado lle resta un pequeno porcentaxe da titulación por superar, o que

solicitan e unha convocatoria extraordinaria de exames, como os anteriores tiveron a convocatoria do Convenio interuniversitario.

Reitera a vicerreitora de Estudantes que a avaliación curricular é unha opción factible. De feito, nos centros que mencionou a estudante, se ten aplicado nas diferentes titulacións que se imparten neles. En relación coa RR 15/9/2014 tamén se ten aplicado en Dereito. E engade que, a petición dos propios alumnos, realizouse a interpretación da maneira máis flexible posible, porque a intención deste equipo de goberno é facilitar a conclusión dos estudos de licenciatura e diplomatura, polo que se deu sempre a lectura máis favorable aos intereses do estudantado. Onde dicía dúas materias ou 12 créditos, admitíronse dúas materias aínda que sumaran máis ECTS, interpretáronse as dúas materias en ambos sentidos, isto é: que podían ser máis de dúas materias da titulación a extinguir, se equivalían a dúas no Grao, e permitiuse aos estudantes acollerse a esta resolución. En canto as titulacións da Escola de Enxeñaría Industrial, explica a vicerreitora que xa mantivemos xuntanzas coa dirección do centro, e van a atender a cada caso de xeito individual, estudando detidamente cada un, para aplicar estas distintas posibilidades para facilitar a conclusión dos estudos a aqueles alumnos e alumnas que reúnan os requirimentos indicados, e que foron aplicados ás demais titulacións desta universidade. Resume a vicerreitora: 2 ou 3 materias por avaliación curricular, dúas materias ou 12 créditos a cursar no grao para repercutilas na titulación a extinguir. E reitera unha vez máis que o convenio interuniversitario non se pode aplicar, porque non é posible que o alumno se examine na USC, por exemplo, dunha materia de Dereito, se esa materia xa está extinguida nesa Universidade.

Insiste Dna. Beatriz López na súa apreciación de que os estudantes da Licenciatura de Dereito deberían ter unha opción máis, xa que unha titulación de 240 créditos. Ademais, se a RR se houbera aplicado hai dous anos, poderían terse solucionado máis casos.

Aclara a vicerreitora que la RR 15/9/ contempla a posibilidade de cursar no Grao, e que se recoñezan na titulación antiga, dúas materias ou 12 créditos. Ese valor non se tomou por decisión do equipo reitoral, senón como froito dunha negociación cos representantes do estudantado que estaba nesa situación. Non eran só representantes en Consello de Goberno e Claustro, senón representantes dos estudantes afectados. Lembra tamén que, moi poucas universidades, ofrecen estas facilidades para a conclusión de estudos. Algunhas universidades concederon unha convocatoria extraordinaria, pero eran universidades que ofrecían as catro convocatorias ás que obriga o ministerio, polo tanto pasan a cinco e nós partimos xa de seis, afirma a vicerreitora. Só a SC a de Zaragoza ofrecen unha vía similar a que nós ofrecemos a través da RR, pero son universidades que non teñen avaliación curricular.

Indica Dna. Beatriz López que na USC puideron aplicar esa vía, e subliña que nesa universidades teñen 18 créditos e a posibilidade de aplicalo a seis materias, mentres que aquí no caso dos alumnos de dereito son dúas.

Responde a vicerreitora de estudantes que a USC ten dezaoto créditos, nós doce, pero eles non teñen avaliación curricular, e repite que, sen que sexa necesario compararse con dita universidade, na UVigo poderían superarse tres materias por avaliación curricular máis dúas ou tres vía resolución reitoral, polo que en Vigo hai máis posibilidades.

Replica a representante do estudantado que as comisións son moi estritas, e non é o mesmo na Facultade de Dereito, que na EEI que noutros centros. Destaca que algúns son especialmente duros.

Intervén o reitor e indica que as competencias do equipo reitoral son as de ditar a resolución que facilita a conclusión dos estudos, a súa aplicación académica é competencia das Facultades e Escolas, son elas as que deben asumir esa responsabilidade. Insiste Dna. Beatriz López na necesidade de unha convocatoria extraordinaria.

O reitor di que o equipo fixo todo o posible e se maximizaron as posibilidades para que o estudantado puidera concluír os seus estudos antes de que se extinguirán as titulacións. Formulouse a maior oferta de oportunidades da universidade española. Outra cousa é a consideración que se unha facultade en concreto da universidade empregou ao máximo estas posibilidades. Nesa consideración non podemos entrar, conclúe o reitor.

O representante do estudantado D. Tomás Díaz retoma o argumento de que os estudantes afectados pola actual extinción de planos de estudo perderon a posibilidade que tiveron alumnos afectados pola extinción de planos anteriores, ao non poder aplicar o Convenio interuniversitario. Os alumnos daquela puideron acollerse a unha convocatoria noutra universidade do SUG nun certo número de materias, ao non poder facer o mesmo, os estudantes de agora teñen menor número de oportunidades. O que solicitan é unha posibilidade de cubrir esa discriminación.

Responde o reitor que se analizará o caso e se verá se cabe algunha posibilidade de actuación, pero subliña que xa se estableceron o máximo de vías para facilitar aos alumnos a finalización dos seus estudos e non hai moitas posibilidades de deseñar algo novo.

A continuación Dña. Bettiana Hidalgo expón que na convocatoria de estudos de posgraos non queda clara a ruta para os que queren ampliar os créditos a máis de 60 ECTS. Pregunta se habería que solicitar a ampliación por escrito, e logo matricularse.

A vicerreitora de Estudantes aclara que, no caso que se refira aos posgraos de dous anos, cando un alumno ou alumna suspende e, ao ano seguinte, quere cursar o que suspendeu e o que lle queda, para o cal ten que ampliar créditos, nese caso a matrícula é a normal, podendo chegar a máis a 75 créditos, (ou ata un 10% máis se o total de créditos a matricular non suma 75), dependendo da aritmética do máster.

Responde a vicerreitora que nese caso trátase de simultaneidade de estudos, que é un caso diferente.

Continúa a súa intervención Dña. Bettiana Hidalgo, expoñendo que neste ano dentro do programa do Campus do Mar, destináronse unhas axudas a estudantes de doutoramento para realizar estadias de un mes, pero tan só para os alumnos que estiveran dentro de este programa. Pregunta pola posibilidade de que existiran bolsas de estadias similares para os alumnos de doutoramento da UVigo, noutros programas.

Responde o reitor que esas axudas xa existen, e aclara que, por suposto, existen as do programa do Campus do Mar derivadas do programa de captación de recursos propios, pero tamén existe o programa de axudas xerais da Universidade, no que se recollen diversas modalidades de bolsas. Cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen explica que en dita convocatoria de axudas da Universidade hai axudas de viaxe para asistencia a congresos, e tamén unha específica para estadias de investigación, da cal acaba de saír a resolución do primeiro prazo, cunha duración mínima de un mes e máximo tres meses. E destaca que estas axudas están dispoñibles para calquera estudante de todos os programas de doutoramento.

Engade a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que tamén existen as bolsas de mobilidade de máster para eses pequenos desprazamentos, para todos os estudantes de máster.

Completa o reitor a información, engadindo que tamén están dispoñibles as bolsas Iacobus se realízase o traballo no norte de Portugal, tamén para estadias de ata tres meses. Destaca o reitor o feito de que, a pesar da crise, non só non se recortan as bolsas, senón que se buscan todas as posibilidades de ampliación. Solicita o reitor dos representantes que colaboren na difusión desta información.

A representante do alumnado dona Paula Rivera formula dúas preguntas: a primeira, ten que ver coas listas de correo electrónico da Universidade. Indica que a través das listas de comunidade ou avisos se envían gran cantidade de correos, hai moita saturación de temas non relacionados co alumnado. En cambio, os avisos relacionados con Extensión Universitaria, Centro de Linguas etc, si teñen relevancia para eles. Pregunta pola posibilidade de que se cree unha lista para temas de alumnado, ao igual que hai as de PAS ou PDI. Sería un sistema máis eficaz para ter a información diferenciada. A segunda cuestión está relacionada coa matrícula de continuidade, xa que lles trasladan que existe unha certa confusión, porque é certo que non continúa esta figura, pero existe a posibilidade de matricularse. Pregunta por este tema: se vaise cancelar nos próximos anos, que sucede cos alumnos que se encontran nesa modalidade.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para que lle responda á primeira das preguntas.

Comenta o vicerreitor que non existe problema técnico para a creación da lista que solicitan. Deben enviarlle un escrito coas propostas específicas que lles interesan, e se estudiará que se pode facer.

A segunda das cuestións a responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Entende que se refire á formación continua en estudos de máster. Confirma a vicerreitora que este ano, na convocatoria de matrícula de posgrao que está a piques de saír, eliminase esa posibilidade. Explica que esa opción, que non existe nas demais universidades, consiste na posibilidade de poderse matricular en máster sen ter acabado o título de grao, cando o alumno aproba o grao e reúne as condicións para continuar estudos de máster, se lle recoñecen os créditos que teña superados. Recoñece a vicerreitora que sempre houbo certa polémica entorno a esta actuación, pero agora temos informes de acreditación de títulos nos que se indica que esa situación é ambigua e temos que cumprir o real decreto. Por iso, comunicouse verbalmente e por escrito a todos os coordinadores de máster esta situación, e non se vai permitir esta matrícula en formación continua en estudos de máster. Pero, remarca a vicerreitora, manteranse os recoñecementos ao estudantado que xa o fíxo, pero reitera que non se volverá a abrir esa vía. Continúa explicando que, entendendo que o estudante que pode ser máis prexudicado pola eliminación desta posibilidade pode ser aquel ao que tan só lle quede o TFG, o prazo de matrícula de máster esténdese ata un período posterior á convocatoria de Fin de Carreira. Deste xeito o alumno terá tempo de defender o TFG nesa convocatoria e aínda lle quedará prazo para matricularse no máster, xa con matrícula ordinaria, non en continuación de estudos. Engade, que por suposto, entrará con menor prioridade que os alumnos que aprobaran. A vicerreitora indica que deste xeito se soluciona o problema, de xeito máis correcto.

Solicitan os representantes que se lles envíe a comunicación por escrito, e a vicerreitora explica que aparecerá na convocatoria de matrícula, pero engade que lles pode enviar a comunicación que se lles enviou aos coordinadores dos másteres. A vicerreitora de Estudantes indica que, de feito, xa llo enviou a algúns representantes de estudantes.

Finaliza o reitor indicando que se lles enviará a todos os representantes, especialmente aos de Consello de Goberno, tal como o solicitan. E subliña novamente que é unha medida que houbo que tomar porque se poñía en risco a acreditación das titulacións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:55 h do día 15 de xuño de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

Oreitor

 Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

 Gloria M. Pena Uris